



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 29-11-2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11:06 horas do día 29 de novembro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS: D^a. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión celebrada o 21-07-2021

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación. Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Aprobación e adjudicación de expedientes de contratación:

- **Aprobación do expediente de contratación de servizos para a numeración dixital. 2021/C004/000003**

Consta a proposta de Alcaldía, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN 2021/C004/000003

Pola resolución desta alcaldía número 718/2021, de data 11-11-2021, acordouse xustificar a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos “ELABORACION DA NUMERACION DIXITAL, XERACION DAS BBDD E SUBMINISTRO DA PLATAFORMA DO MAPA DIXITAL SOBRE SIX DO CONCELLO DE PONTECESO”, aos efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano

de contratación, en base á necesidade da súa prestación e a insuficiencia de medios acreditada no informe dos servizos técnicos municipais de data 08-11-2021, así como na memoria do T.A.X. como xefe da dependencia de contratación, e o inicio do expediente 2021/C004/000003, relativo á adxudicación do servizo "ELABORACION DA NUMERACION DIXITAL, XERACION DAS BBDD E SUBMINISTRO DA PLATAFORMA DO MAPA DIXITAL SOBRE SIX DO CONCELLO DE PONTECESO", cun valor estimado de 46.296,95 € e orzamento base de licitación de 56.019,31 € €, cun prazo de execución de sete meses , como contrato administrativo de servizos, artigo 17 LCSP, empregando o procedemento aberto simplificado consonte ao artigo 159.6 da LCSP, tramitación ordinaria, non suxeito a regulación harmonizada, non susceptible de división en lotes para a correcta prestación unitaria do servizo e tramitación e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público. Na mesma acordouse darlle traslado desta resolución aos servizos de contratación para que se proceda a redactar os Pregos de Cláusulas Administrativas e aos servizos técnicos municipais co fin de que se proceda á redacción do Prego de Prescricións Técnicas, e unha vez que se encontre rematado o anterior coa incorporación dos informes preceptivos, sometelo á fiscalización previa para a súa posterior aprobación.

Redactados os Pregos de Prescricións Técnicas polo arquitecto técnico municipal e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, asinados na data de 17-11-2021, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas, como o prezo, as melloras relacionadas co obxecto do contrato e redución do prazo de execución, pola aplicación de fórmulas matemáticas que axilicen o procedemento e ao mesmo tempo permitan elixir á proposta económica máis vantaxosa que presente a mellor relación calidade-prezo e se garante a calidade do servizo, xustificándose a necesidade e a idoneidade do contrato e a eficiencia na contratación.

Logo de ver a retención de crédito realizada pola Intervención municipal en cumprimento do ordenado na providencia da alcaldía de data 11-11-2021 polo importe de 56.019,31 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2021 151 22706, referencia 22021000859, da que se desprende a existencia de crédito necesario para a licitación do servizo.

Logo de ver que para o financiamento do contrato cóntase coa subvención outorgada pola resolución de data 26/10/2021, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, pola que se outorga unha subvención de 38.000 euros, que representa o 67.83% do orzamento total do servizo, para a execución da actuación "ELABORACION DA NUMERACION DIXITAL, XERACION DAS BBDD E SUBMINISTRO DA PLATAFORMA DO MAPA DIXITAL SOBRE SIX DO CONCELLO DE PONTECESO", considérase xustificada a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira do servizo a prestar, consonte ao establecido na Lei Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira.

Someteuse o expediente, cos sobreditos pregos, ao informe preceptivo de secretaría, o cal foi emitido en sentido favorable na data de 18-11-2021, e á fiscalización previa da intervención municipal, a cal emite o seu informe na data de 24-11-2021.

De conformidade coa resolución de alcaldía núm. 5/2021, de 7 de xaneiro pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2021 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos. Polo que o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación será a alcaldía, se ben na resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019 acórdase delegar as atribucións na Xunta de Goberno Local.

Por todo o anterior, de conformidade coa devandita resolución núm. 374/2019 do 26-06-2019 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación de servizos, artigo 17 LCSP, denominado “ELABORACION DA NUMERACION DIXITAL, XERACION DAS BBDD E SUBMINISTRO DA PLATAFORMA DO MAPA DIXITAL SOBRE SIX DO CONCELLO DE PONTECESO”, expte. 2021/C004/000003, mediante procedemento aberto simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP, cun valor estimado de 46.296,95 € e orzamento base de licitación de 56.019,31 € € (IVE incluído), cun prazo de execución de sete meses.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto polo importe de polo importe de 56.019,31euros (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 2021 151 22706.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcíons Técnicas que han de rexer a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, non suxeito a regulación harminazada, do presente contrato de servizos.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de 10 días hábiles se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación de servizos, artigo 17 LCSP, denominado “ELABORACION DA NUMERACION DIXITAL, XERACION DAS BBDD E SUBMINISTRO DA PLATAFORMA DO MAPA DIXITAL SOBRE SIX DO CONCELLO DE PONTECESO”, expte. 2021/C004/000003, mediante procedemento aberto simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP, cun valor estimado de 46.296,95 € e orzamento base de licitación de 56.019,31 € € (IVE incluído), cun prazo de execución de sete meses.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto polo importe de polo importe de 56.019,31euros (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 2021 151 22706.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcíons Técnicas que han de rexer a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, non suxeito a regulación harminazada, do presente contrato de servizos.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de 10 días hábiles se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía avocando competencias delegadas na Xunta de Goberno Local:

-Resolución da Alcaldía número 549/2021, de 31 de agosto, de adxudicación da obra: MELLORA ACCESOS PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE I)

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE I)”.

EXPEDIENTE: 2021/C003/000002

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras “MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE I)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos D^a. ANA LÓPEZ LÓPEZ, colexiada núm. 34305, cun valor estimado de 123.966,94 euros, 26.033,06 euros de IVE, que totalizan a contía de 150.000,00 euros, orzamento de execución por contrata, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación, aprobado pola resolución da alcaldía de data 07-07-2021, e inicio do expediente de contratación empregando o procedemento aberto simplificado consonte ó artigo 159 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, para o cal se empregará o Prego tipo aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que, mediante a resolución da alcaldía de data 08-07-2021 aprobouse o proxecto de obras redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos D^a. Ana López López, colexiada núm. 34305, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900 (proxecto de gasto 2021 2 210 1 1) polo importe de 150.000 euros, IVE incluído, para o que se conta co financiamento necesario, por medio da subvención concedida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde de 18-12-2020, polo importe de 120.000 euros, sendo a aportación municipal de 30.000,00 euros, que totalizan o orzamento de execución por contrata polo importe de 150.000,00 euros

Logo de ver o informe do xefe da dependencia de contratación emitido na data 07-07-2021, así como os restantes informes técnicos que obran no expediente.

Logo de ver o Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) asinado polo técnico da administración xeral o 09-07-2021, polo que debe rexerse o contrato en cuestión. Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais do 09-07-2021.

Visto o informe xurídico de Secretaría do 08-07-2021 e o informe de fiscalización previo de Intervención do 08-07-201, e o Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) asinado polo técnico da administración xeral o 09-07-2021, adaptado ás observacións realizadas pola intervención, polo que debe rexerse o contrato en cuestión., así como o informe dos Servizos Técnicos municipais do 09-07-2021e a acta de reformulo, pola cal acredítase a comprobación da realidade xeométrica e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos, consonte ao referido artigo 236 da LCSP 2017.

Logo de ver o expediente de contratación e as actas da Mesa de Contratación, en especial a do día do día 23-08-2021, na que se eleva a proposta de adxudicación do contrato a nome da empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, SL, ao resulta a súa oferta a que presenta unha mellor relación calidade-prezo e se lle requiriu a presentación da documentación xustificativa dos

requisitos previos, mediante orixinais ou copias compulsadas, de conformidade co establecido na cláusula 16.1 do PCAP, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento para a súa valoración e cualificación. Presentada en tempo e forma a documentación requirida incorpórase a dilixencia do Técnico de Administración Xeral de data 10-08-2021 na que se acredita que a mesma cumpre co esixido no PCAP, cláusula 16, incorporando a fianza definitiva polo importe de 10.692,00 euros, sendo do 10% da proposta económica, Ive excluído, ao ser considerada con valores anormais, arts. 107.2 e 108 da LCSP, e o informe de fiscalización da Intervención de data 31-08-2021.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola resolución núm. 374/2019, de data 26-06-2019, modificada pola resolución 2383/2020 de 11 de maio, delegáronse as competencias en materia de contratación atribuídas á alcaldía na Xunta de Goberno Local, se ben a alcaldía nos supostos de urxencia poderá realizar por ela mesma estas atribucións dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento e efectos. Dada a urxencia da súa adxudicación, a cal deberá estar executada e recepcionada antes do 15 de novembro de 2021 para a súa xustificación perante a Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, a Alcaldía considera a mesma da máxima urxencia, e ao considerar que ata o día 15 de setembro non corresponde celebrar a sesión ordinaria, cómpre avocar a competencia delegada consonte ao artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 374/2019, de 26 de xuño, modificada pola Resolución núm. 283/2020, de 11 de maio, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia delaegada e asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debido a que urxe a adxudicación deste contrato, o cal deberá estar executado e recepcionado antes do 15 de novembro de 2021, para a súa xustificación perante a Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.

Segundo.- Adxudicar o contrato de obras denominado "**MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE I)**", expediente 2021/C003/000002, á empresa **CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, SL**, polo importe de 106.920,00 euros máis 22.453,20 euros de IVE, totalizando a contía 129.373,20 euros, cun prazo de execución de 45 días naturais, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Terceiro.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2021 1532 61900 (proxecto de gasto 2021 2 210 1 1).

Cuarto.- Nomear como directora da obra á enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, **D^a. ANA LÓPEZ LÓPEZ**, colexiada núm. 34305 , que exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó enxeñeiro técnico agrícola, técnico superior en prevención de riscos laborais, **D. Ignacio José Alonso Díaz**, colexiado núm. 2.095.

Sexto.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, e ó coordinador de seguridade e saúde, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, consonte ao artigo 153.3 da LCSP, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, deberá comparecer no Concello para a

sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa

Sétimo.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido

Cristina Varela García”

A XGL dase por enterada.

-Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro, de aprobación do proxecto e inicio de expediente de contratación da obra: MELLORA CAMIÑOS PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER).

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA “MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER)” E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Logo de ver o proxecto de obra “MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER)”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, en febreiro de 2021, cun orzamento de execución de 53.240,00 euros, IVE incluído e cun prazo de execución de dous meses.

Logo de ver o disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras: MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER), actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Logo de ver a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), de data 19-04-2021, recaída no expediente PM2021-0215, polo que se concede unha subvención de 44.000 euros para a execución da obra “MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER)”, así como o informe da Intervención de existencia de crédito suficiente e a retención de crédito, partida 2021.1532.21Z.619.00, para poder licitar e adxudicar a execución deste contrato de obras.

Logo de ver o previsto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta alcaldía, en calidade de órgano de contratación, xustifica a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Logo de ver os informes técnicos que obran no expediente emitidos polo Arquitecto Técnico Municipal na data de 01-03-2021, afectando só a camiños de titularidade municipal, polo que

existe a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así como a acta de replanteo emitida polo técnico redactor do proxecto na data de 26-02-2021 .

Logo de ver o disposto no art. 231 LCSP 2017, o cal establece que “la adjudicación de un contrato de obras requirirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica”, o proxecto redactado incorpora todos os requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato.

Logo de ver o disposto no art. 21.1.o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cal atribúe á Alcaldía a competencia para “La aprobación de los proyectos de obras y de servicios cuando sea competente para su contratación o concesión y estén previstos en el presupuesto”. O dito artigo refírese á existencia de crédito no orzamento, ou dito doutra maneira, a que haxa cobertura orzamentaria para facer fronte a ese gasto. A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 44.000 euros.

De conformidade coa resolución de alcaldía núm. 5/2021, de 7 de xaneiro pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2021 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos. Polo que o órgano competente para a aprobación do proxecto será o Alcalde.

Considerando que a sobredita competencia atribuída a alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local, núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Considerando o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre avocación de competencias, xustificada neste caso pola urxencia do cumprimento dos prazos previstos na resolución de concesión da subvención pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia delegada na XGL, única e exclusivamente para a adopción deste acordo de aprobación de proxecto e expediente de contratación da obra MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER), motivada pola urxencia da súa aprobación ao considerar a imposibilidade de celebrar a XGL nesta semana, dando conta á XGL na vindeira sesión que se celebre

Segundo.- Aprobar o proxecto da obra denominada MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER) redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992, en febreiro de 2021, cun orzamento de execución de 53.240,00 euros, IVE incluído, e cun prazo de execución de dous meses.

Terceiro.- Iniciar o expediente de contratación da obra MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER), Expte. 2021/COO3/000003, polo procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 da LCSP, e que polo T.A.X.-Coordinador Xeral se proceda a súa redacción, emisión dos informes preceptivos, así como os preceptivos de Secretaría e Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.”

A XGL dase por enterada.

-Resolución da Alcaldía número 712/2021, de 10 de novembro, de adxudicación do contrato de obras: MELLORA CAMIÑOS PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER).

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO: MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER)

EXPEDIENTE:2021/G003/000756

ANTECEDENTES:

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras denominado: MELLORA DE CAMIÑOS EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992, cun orzamento de execución de 53.240,00 euros, IVE incluído, e cun prazo de execución de 2 meses, recolléndose no correspondente proxecto de obras os pregos de prescricións técnicas polos que se rexerá a licitación, aprobado pola Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro, e inicio do expediente de contratación empregando o procedemento aberto simplificado abreviado, consonte ó artigo 159.6 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, para o cal se empregarán os pregos de condicións administrativas aprobados pola Resolución da Alcaldía número 616/2021, de 27 de setembro.

Considerando que, mediante a Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro aprobouse o proxecto de obras redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-.

Visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais e actas de reformulo previo, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se detallan os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación.

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2021.1532.21Z.619.00 polo importe de 53.240,00 euros, IVE incluído, para o que se conta co financiamento necesario, por medio da subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ó abeiro das axudas correspondentes ó Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, polo importe de 44.000,00 euros, sendo a achega municipal de 9.240,00 euros, que totalizan o orzamento de execución por contrata polo importe de 53.240,00 euros.

Visto o informe-memoria do TAX-coordinador xeral de data 24-09-2021, aos efectos do disposto no artigo 172.1 do ROF, xustificando a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras

en base á insuficiencia de medios persoais e materiais do concello para poder executar a obra, e a xustificación da elección do procedemento en base ó prezo ou valor estimado da obra.

Vistos os Pregos de Clausulas Administrativas que rexeran o procedemento de contratación redactados polo TAX-coordinador xeral polo procedemento aberto simplificado abreviado, art. 159.6 da LCSP.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello na data do 27-09-2021.

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello na data do 27-09-2021.

Logo de ver os anteriores informes, esta Alcaldía ao considerar a falta material de tempo para levar a cabo a contratación da obra, para a súa posterior xustificación perante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), sendo o prazo de xustificación da anualidade de 2021 o 15 de outubro, para o cal se solicitou a súa prórroga e ampliación, e ó non poder demorarse esta Alcaldía resolveu aprobar o proxecto faltando a recepción da autorización sectorial da

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Patrimonio Cultural a cal foi solicitada, ao ter en conta que o proxecto non afecta a bens protexidos e as súas actuacións consisten en pequenos traballos sobre infraestrutura de camiños xa existentes. Por todo isto esta Alcaldía estima a necesidade imperiosa de aprobar o expediente de contratación, e poder adxudicar no menor prazo posible para non perder o financiamento da obra, convalidando no seu intre a falta das autorizacións sectoriais que deberan constar antes da aprobación do proxecto, e en todo caso antes do inicio das obras.

Con data 07/10/2021 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia envía unha resolución pola que autoriza as obras, debendo achegar o concello, antes do inicio das obras, un proxecto de control e seguimento arqueolóxico.

Con data 04/11/2021 envíase o susodito proxecto redactado e asinado o 04/11/2021 polo arqueólogo, Ángel Concheiro Coello.

Con data 08/11/2021 o Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, achega a Resolución de autorización para o control arqueolóxico das obras.

Logo de ver o expediente de contratación e as actas da Mesa de Contratación, en especial a do día do día 19/10/2021, na que se eleva a proposta de adxudicación do contrato a nome da empresa SYR-AMG, SL, ao resultar a súa oferta a que presenta unha mellor relación calidade-prezo.

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello na data do 20-10-2021.

Tendo en conta que se obtiveron as autorizacións sectoriais preceptivas, procede convalidar o acto administrativo de aprobación do proxecto mediante Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro, tal como indica o informe emitido pola Secretaría deste Concello na data do 27-09-2021.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución núm. 374/2019, de data 26-06-2019, modificada pola Resolución 2383/2020 de 11 de maio, delegáronse as competencias en materia de contratación atribuídas á Alcaldía na Xunta de Goberno Local, se ben a Alcaldía nos supostos de urxencia poderá realizar por ela mesma estas atribucións dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento e efectos. Dada a urxencia da súa adxudicación, a cal deberá estar executada e recepcionada antes do 10 de decembro de 2021 para a súa xustificación ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a Alcaldía considera esta da máxima urxencia, e polo tanto cómpre avocar a competencia delegada consonte ao artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 374/2019, de 26 de xuño, modificada pola Resolución núm. 283/2020, de 11 de maio, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada e asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debido a que urxe a adxudicación deste contrato, o cal deberá estar executado e recepcionado antes do 10 de decembro de 2021, para a súa xustificación perante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Segundo.- Convalidar o acto administrativo de aprobación do proxecto mediante Resolución da Alcaldía número 610/2021, de 23 de setembro, tal como indica o informe emitido pola Secretaría deste Concello na data do 27-09-2021, ao obterense as autorizacións sectoriais preceptivas.

Terceiro.- Adxudicar o contrato de obras denominado: MELLORA DE CAMIÑO EN PAZOS DE ARRIBA E OUTROS (AGADER), expediente 2021/C003/000003, á empresa SYR-AMG, SL, polo importe de 39.379,92 € + IVE (8.269,78 €) = 47.649,70 €, un prazo de execución de 19 días naturais, un prazo de garantía de 1 ANO, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Cuarto.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2021.1532.21Z.619.00.

Quinto.- Nomear como director da obra ó enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, que exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Sexto.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó enxeñeiro técnico agrícola, técnico superior en prevención de riscos laborais, Roberto Lema Moreira, colexiado núm. 1.633.

Sétimo.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, e ó coordinador de

seguridade e saúde, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, comunicándolle ademais que neste caso, pola aplicación do artigo 159.6.g) da LCSP 2017, a formalización do contrato efectuarase pola sinatura de aceptación do contratista da resolución de adxudicación.

Oitavo.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Noveno.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.”

A XGL dase por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:14 do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación de funcións

Xosé Lois García Carballido

M.^a Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente ao marxe.